

Había unha vez unha nena que se chamaba María.

Vivía ao borde dun río.

A casa de María estaba entre dous outeiros. Sobre un outeiro estaba Pobo Verde e sobre o outro outeiro estaba Pobo Azul.

Os nenos de Pobo Verde o pasaban moi ben. Os que non o pasaban tan ben eran os seus animais...

Os nenos de Pobo Azul vivían moi contentos.

As que non vivían nada ben eran as súas plantas.

Ademáis, os nenos de Pobo Verde non eran amigos dos de Pobo Azul, nin os nenos de Pobo Azul eran amigos dos de Pobo Verde.

María vivía entre os nenos verdes e os nenos azuis. Era amiga dos animais e das plantas, pero tamén quería ser amiga dos nenos azuis e dos nenos verdes.

Os nenos de Pobo Verde non a querían porque non era verde...

... e os nenos de Pobo Azul non a querían porque non era azul.

María o intentara todo, pero nada lle dera resultado...

...aqueles nenos non querían ser os seus amigos.

María sentíase cada día máis soa... Un día chegou a chorar tanto que as súas propias bágoas a borraron e volveuse invisible.

Como María se volvea invisible, os nenos verdes non se daban conta de que a nena estaba con eles...

... e non comprendían por que lles fallaban todas as trampas que preparaban contra os nenos azuis.

María tamén pasaba moitos ratos entre os nenos azuis, anque eles non se daban conta porque non a vían...

... e non comprendían por que se estragaban as armas que preparaban contra os nenos verdes.

Como María conseguía desfacerlles todas as súas barbaridades, os nenos verdes tiveron que inventar outras distraccións.

María procuraba que os xogos novos dos nenos verdes foran menos salvaxes.

Os nenos azuis, para non aburrirse, idearon tamén novas actividades...

...e despois de algún tempo interesáronse polos xogos dos nenos verdes.

Pensaron que, ao mellor, xogar con eles era máis divertido que pelexarse con eles.


E os nenos verdes e os nenos azuis acabaron por facerse amigos e xogar xuntos no val.

Aquel día, María deixou de ser invisible.

E estaba moi contenta porque tiña moitos amigos e non estaba soa.


A ningún lle importaba xa que non fora nin verde nin azul.





# A nena invisible

Adaptación da obra de J. L. G<sup>a</sup> Sánchez e M. A. Pacheco con ilustracións Ulises Wensell - EDICIONES ALTEA - ALFAGUARA



**30 DE XANEIRO DE 2007  
DIA DA PAZ**

**BIBLIOTECA  
CEIP de Palmeira**



